

Boletín divulgativo da Sociedade Galega de Historia Natural [sghn.org](http://sghn.org)

# PASPALLÁS



Nº 62, agosto 2023

1973-2023  
50 anos de SGMN





A revista **PASPALLÁS** é o boletín divulgativo da Sociedade Galega de Historia Natural (S.G.H.N.) e finánciase única e exclusivamente coa aportación das cotas dos seus socios, non admitindo subvencións ou publicidade.



Botar a vista atrás para ollar cincuenta anos non é doado e forzosamente quedan moitos, moitos temas atrás, cicais os máis humanos, as sinerxías que se deron ou os atrancos... Neste Paspallás levantamos acta notarial, incompleta, dos últimos cincuenta anos do ambientalismo galego, dende a nosa perspectiva que só é unha parte, pero unha boa parte.

Consideramos presentar este Paspallás con outro estilo, por temas: Enciña da Lastra, o desenvolvemento do estudo da macro micoloxía, o Atlas de Vertebrados de Galicia (con maiúsculas), a custodia de terras, co seu presente e futuro... xa veremos.

Aínda que non é obxecto deste número 62 do Paspallás, non podemos quedarnos só co que fixemos. Agora ven afrontar o reto dos vindeiros 50 anos, que moitos dos que subscribimos estas liñas non os veremos. Os novos retos ambientais, reformar a estrutura e organización administrativa da SGHN, os sempre limitados cartos... así para garantir que en 2024 SGHN siga estando aí, para logo afrontar 2025 e así sucesivamente.

Gracias a todos/as os que apoiastes, apoiades ou vaiades apoiarnos no futuro, ós que nos acompañastes nalgunha campaña ou recollida de datos, as axudas, por pequenas que poidan semellar, fan praia, fan monte. Non hai maior erro que o de quen non fixo nada, pensando que tan só podía facer un pouco, como demostración vallan estas páxinas. Pagou a pena o esforzo.

## Índice

Editorial	3
1973	4
1977-1979	5
1980-1989	7
1990-1999	13
2000-2009	18
2010-2019	23
2020-2023	36

A edición electrónica do **PASPALLÁS** é a **toda cor**. Os socios que o queiran recibir en papel, o deberán comunicar expresamente. Dados os actuais custes de impresión e envío, é necesario aboar o importe do exemplar impreso e, se fose o caso, do envío.

O PASPALLÁS agradece o envío de orixinais para a súa publicación.

Os textos enviaranse en soporte electrónico (editor de textos), sen marcadores nen tabulacións ou distintos tamaños de letra. Como referencia, cada páxina leva 400 palabras e unha fotografía/debuxo de resolución mínima 1500x1200, preferiblemente en cor e formato jpg.

O galego será o normativo e os nomes científicos respectarán as normas de Nomenclatura, figurando con ano e autor.



## PASPALLÁS

Revista divulgativa da SGHN e do medio natural galego.

Fundada en 1981

As opinións expresadas, (agás a Editorial) non son necesariamente as da súa Xunta Directiva Xeral.

### SGHN

Apdo. de Correos nº 330  
15780 Santiago de Compostela  
sghn@sghn.org sghn.org

### Editor

Xosé Lois Rey Muñiz

### Colaboradores e fotografías

Moisés Asensi Cabirta  
Álvaro María Rodríguez Pomares  
Serafín González Prieto  
María del Carmen Noya Rey

### Foto portada

*Penca Falcoeira.*  
*Parque Natural Enciña da Lastra*

### Deseño imaxe Paspallás

Calros Rodríguez Silvar

### Maquetación

Xosé Lois Rey Muñiz

### Cita desta revista.

SGHN. 2023. SGHN, 50 anos de historia.  
Paspallás, *Boln. Divulg. Soc. Gal. Hist. Nat.*  
62. 44 pp.

Data Publicación

31/08/2023

I.S.S.N.

1132-0567

D.L.

C 1590/91

## EDITORIAL

Ata aquí chegamos cumprindo medio século, coas nosas luces e sombras, pero sempre tratando de dar o mellor de nós para a sociedade galega, a desta revista é á outra, que por extensión é parte do mundo.

Comezan agora os segundos 50 anos. A continuidade está complicada, cambian os paradigmas, e irémonos adaptando pero sen esquecer que a nosa obriga é seguir adiante, sempre na procura dos obxectivos de estudar, divulgar e protexer, máis doados de dicir que facer. Unha mirada desapaixonada para atrás nos revela que malia non poucos desgustos colectivos e persoais, os esforzos pagaron a pena.

Case sempre con axuda, outras non, acadamos pequenos fitos para que outros poidan cabalgar sobre eles. Ou quizais non sexan tan pequenos. Estivemos no Xurelo loitando contra os vertidos radioactivos na Fosa Atlántica. Traballamos arreo para axudar a protexer as baleas. Loitamos, unha e outra vez, contra os efectos das sucesivas mareas negras, as dos petroleiros na beiramar e as dos lumes en toda Galicia. Conseguimos a declaración do Parque Natural de Enciña da Lastra. Tamén a protección das Cíes e a posterior inclusión de Cortegada no Parque Nacional. Publicamos os únicos atlas de vertebrados, e o dunha parte de escaravellos. Facemos realidade a protección efectiva da Limia (dunha parte, todo se andará). Custodiamos poboacións moi importantes de especies en perigo de extinción (cardiño de lagoa, sapo de esporóns, conícora,...). Sabemos como evolucionan as poboacións de aves acuáticas para tomar decisións con datos. Temos un Museo de Historia Natural. Fomos parte decisiva na paralización da mina de Corcoesto, tamén na de Touro. E moito máis, como se pode ver nas páxinas seguintes.

Temos moitos retos internos para nos modernizar, evolucionar e adaptarnos, moitos máis dos que parecen a simple vista, pero xa os iremos conseguindo, con esforzo e pouco a pouco, pois ninguén regala nada.

Non é auto gabanza, son feitos. E dende esta editorial agradecemos ós consocios/as - os de antes, os de agora e os que veñan - o seu apoio, amizade en moitos casos, porque somos unha sociedade e o medio ambiente galego, sen dúbida, está algo mellor (ou menos peor) gracias á SGHN.



5/06/1973

**Celébrase por primeira vez o Día Mundial de Medio Ambiente. O 31 de agosto de 1973, o Goberno Civil de A Coruña inscribe ó Grupo Ornitológico Galego (G.O.G.)**

RESULTANDO: que todos los organizadores son mayores de edad con capacidad de obrar, que acuerdan voluntariamente servir a un fin determinado y lícito, que el Artº 4º del Reglamento tiene como finalidad: "a) EL Estudio científico de las aves, en lo que se incluye: 1. Determinación de especies.- 2. Número de las mismas.- 3. Distribución geográfica en la zona.- 4. Su ecología.- 5. Sus migraciones, y.- 6. Su anillamiento, regido este último por las normas establecidas por la S.E.O. (Sociedad Española de Ornitología).- b) Estudio de la naturaleza en general (mamíferos, insectos, vegetación, etc.).- c) Difundir estos fines lo máximo posible y procurar conseguir la protección de la naturaleza."

O día 5 de xuño **celebrase por primeira vez o Día Mundial de Medio Ambiente**. Apenas 87 días despois, o 31 de Agosto de 1973, o Goberno Civil de A Coruña resolve a inscrición do Grupo Ornitológico Galego (G.O.G.) de acordo coa lei de asociacións de 24/12/1964. Aínda que o seu nome podería suxerir un ámbito de actuación restrinxido á ornitología, a realidade é que o G.O.G. naceu xa cunha amplitude de miras adiantada ó seu tempo, como amosa con claridade ó artigo cuarto do seu regulamento: "*Ten como finalidade: a) o estudio científico das aves, no que se inclúe: 1. Determinación de especies. 2. Número das mesmas. 3. Distribución xeográfica na zona. 4. A súa ecoloxía. 5. As súas migracións, e 6. O anelamento, rexido este último polas normas establecidas pola SEO. b) Estudio da natureza en xeral (mamíferos, insectos, vexetación, etc.). c) Difundir estes fins o máximo posible e procurar conseguir a protección da natureza*".

**1973-75.** Desde un principio, o GOG foi o núcleo desde o que se realizaron as primeiras viaxes en grupo aos espazos naturais galegos, salientando pola súa entidade os realizados á **Serra do Courel** nas semanas santas de 1973, 1974 e 1975.


**1975-76.** Publícanse 4 números de "**Bubela**", o Boletín do Grupo Ornitológico Galego. O primeiro en marzo de 1975, o segundo en xuño de 1975 e un número dobre en xaneiro de 1976.

**1976.** O GOG inicia as xestións para refundarse como Sociedade Galega de Historia Natural, constituíndose xa no primeiro trimestre unha Comisión Xestora que o 10 de decembro acorda por unanimidade dar de baixa o **GOG** e transformalo en **SGHN**.

## BUBELA



BOLETIN DO  
GRUPO ORNITOLOXICO GALEGO





# 1977-1979

## O Servizo de Asociacións do Ministerio da Gobernación, acorda o 7 de xuño de 1977 a inscrición da Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN)

### Las Gándaras en números:

Comparando a Las Gándaras con el más famoso pedazo de la geografía española, vemos que no sale malparada, teniendo en cuenta que todavía falta bastante para completar la lista definitiva de especies, pues Las Gándaras siguen ocultando muchos secretos, mientras que en Doñana todo está rigurosamente controlado, medido y estudiado.

	Doñana	Gándaras	Diferencia
Aves.....	179	130	— 49
Reptiles ....	17	12	— 5
Anfibios ....	7	10	+ 3
Peces .....	4	9	+ 5

A la vista del cuadro, llegamos a la conclusión que Las Gándaras son acuáticamente más ricas que la propia Doñana. Los seres ligados fundamentalmente al agua, como anfibios y peces, están mejor representados en Gándaras, mientras que los de tierra firme se encuentran a poca distancia.



### Primavera en Las Gándaras (PARTE)

...Tan solo unos pocos creemos que viven y si las matan, no queremos que su muerte se silencie, que se diga quienes fueron, que sus nombres se maldigan, y en su pueblo los señalen con el dedo, uno a uno, cada día, con sus nombres y apellidos, con sus motes familiares... ¡que se sepa!

Estanislao Fernández de la Cigoña Núñez



Casa de la Cultura  
PRAZA DA CONSTITUCION

### EXPOSICION: "SELLOS Y NATURALEZA"

Días: 27, 28, 29 y 30 Septiembre.  
Hora: de 19 a 21

#### MATASELLOS ESPECIAL:

Las Gándaras Paraje Natural  
Día 27  
Hora: 19 a 21  
Lugar: Casa de la Cultura

ORGANIZA: Sociedade Galega de Historia Natural  
COLABORA: Grupo Filatélico Vigués  
CO-PATROCINAN: Excmo. Ayuntamiento de Vigo  
Excmo. Ayuntamiento de Porriño.


1977. Herdeira directa do Grupo Ornitolóxico Galego, xermolo de SGHN, nace a **Sección de Ornitoloxía** que segue a desenvolver a liña de actuacións que comezara o GOG. Desde a súa creación, esta sección coordina a realización dos censos anuais de aves acuáticas e mariñas invernantes en Galicia, que están sendo publicados na revista Braña e que proporcionan unha información histórica de gran importancia para coñecer a evolución das poboacións invernantes destas aves en Galicia e o estado de conservación da costa e as zonas húmidas galegas. Esta sección ten participado en múltiples estudos sobre as aves de Galicia e a súa conservación, como o Atlas de vertebrados de Galicia ou o seguimento de especies ameazadas. Tamén mantivo activo, durante moitos anos, un grupo de anelamento científico, chegando a organizar o **XI Encontro de aneladores** a nivel estatal. A sección de Ornitoloxía ademais organizou o **V Congreso Galego de Ornitoloxía**, as **VII Jornadas Españolas de Ornitoloxía** e as de fundación do **Grupo Ibérico de Aves Marinas (GIAM)**.

1977. Nace **BRAÑA**, a primeira revista científica en galego. Nun primeiro momento pensouse en chamala FISTERRA, pero desbotouse esa idea e finalmente a Xunta Directiva Xeral da SGHN, na súa xuntanza ordinaria do 18 de febreiro de 1977, debateu entre catro propostas, que tiñan en común ser nomes de dúas sílabas e de cinco letras: BRAÑA, CAMPA, FURNA e LUBRE, escollendo BRAÑA.





**1977.** Créase a **Sección de Bioloxía Mariña** que promove campañas de concienciación, traballando para defender os ecosistemas mariños galegos, realiza estudos sobre mamíferos mariños en Galicia e participou activamente na mobilización internacional contra a caza das baleas dende o ano 1977, tendo un peso moi significativo na paralización desta actividade en Galicia e o posterior cambio da posición de España na Comisión Baleeira Internacional, que resultou decisivo para acadar a moratoria para tódolos cetáceos en 1985.



**1977.** Publícase “**A Frouxeira**”, primeiro roteiro didáctico sobre o medio natural publicado en Galicia, que tivo unha segunda edición en 1985.



**1978.** Publícase o voceiro “**O asunto nuclear**” cando máis candente estaba a oposición á central nuclear de Xove, no norte de Lugo, na súa costa.

**1979.** En Xaneiro de 1979 preséntase en **Ferrol** a SGHN e os socios asistentes e novas persoas interesadas propoñen constituír a primeira **Delegación da SGHN**, modificándose os estatutos ese mesmo ano. Inicia as súas actividades nun baixo prestado, organizando cursos de ornitología, micología e entomología na sala da Caixa de Aforros.

Inmediatamente participa na xornada sobre a marea negra do **Andros Patria** e no dispositivo de recollida e recuperación de aves. As actividades desenvolvidas inclúen censos e anelamentos de aves, recuperación de aves e cetáceos afectadas por mareas negras e a difusión da Educación Ambiental.



**1979.** No último trimestre do ano constitúese a **Delegación de SGHN en Vigo**, que durante catro anos mantivo unha intensa actividade con solicitudes á Administración, propostas de reorientación do VigoZoo, campañas de captación de socios, participación no **Atlas de Vertebrados de Galicia** e nos censos de aves acuáticas invernantes, iniciativas de defensa das **Illas Cíes**, a **Enseada de San Simón**, o **esteiro do Miño** e as **Gándaras de Budiño**, publicacións, cursiños de ornitología, actuacións de educación ambiental, defensa do arborado autóctono e excursións naturalistas.



**1979.** Constitúese a **Delegación de SGHN en A Coruña**.





# 1980-1989

Comeza unha década de consolidación, novas delegacións, publicacións e sobre todo, campañas históricas como a defensa dos mamíferos mariños ou contra os vertidos radioactivos na fosa atlántica



**1980.** Con precedentes como a loita contra a instalación da **celulosa na beira do Miño**, ou a preocupación polos incendios forestais, iniciase a andadura da **Delegación en Ourense da SGHN** a finais do ano 1980, buscando actuar sobre a degradación paulatina do ambiente e a diversidade natural da provincia de Ourense. SGHN Ourense abriu novos camiños e foi pioneira en moitos aspectos, entre eles a colocación de niños artificiais para as cegoñas, o estudo dos morcegos na provincia, a defensa da **Serra da Enciña da Lastra** ata a súa declaración como parque natural; ou o fomento do emprego respectuoso có medio ambiente coa constitución, posta en marcha e xestión da **Escola Taller Braña** na Ribeira Sacra. Ao longo dos anos



as liñas de actuación abarcan todos os temas que poden afectar ao medio natural, afrontándose sempre cós principios do rigor e a independencia.

**1980.** Comeza a campaña de SGHN pola **defensa dos mamíferos mariños** e contra das tres factorías baleeiras existentes en España (das empresas Massó Hermanos e IBSA), todas en Galicia: Morás (Xove, Lugo), Caneliñas (Cee, A Coruña) e Balea (Cangas, Pontevedra).








**1981.** Comeza a campaña en contra dos vertidos de residuos nucleares na Fosa Atlántica, que se realizaban desde os anos 60. Primeira viaxe do **Xurelo**, con representación de SGHN. Manifestacións contra a captura e detención en Ferrol do **Rainbow Warrior** de Greenpeace.




**1981.** SGHN organiza en Santiago as **IX Jornadas Ibéricas sobre Mamíferos Mariños.**

**IX** Jornadas Ibéricas sobre Mamíferos Mariños  
Santiago, 30-31 Xullo - 1 Agosto 1981  
SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL



**1982.** Publícase o voceiro "**As baleas cara á extinción**" e fórnense datos a Greenpeace para a presentación diante da Comisión Baleeira Internacional.




**1982.** En abril nace a **Delegación de SGHN en Santiago de Compostela.**

**1982.** A campaña a prol das baleas e os mamíferos mariños desenvolvida por **SGHN** en colaboración con **Greenpeace Francia** (aínda non existía Greenpeace España) consegue o voto favorable e decisivo de España á moratoria da caza de baleas aprobada pola Comisión Baleeira Internacional (CBI).





**1982.** Comeza a publicarse “**Paspallás**” o boletín divulgativo de SGHN.




**1982.** A Delegación en Ferrol organiza en Gandarío unha reunión de expertos en aves mariñas de toda a península ibérica, que levou á constitución do **Grupo Ibérico de Aves Mariñas (GIAM)**.

**1982.** A Delegación de Vigo organiza unha campaña pola conservación das **Gándaras de Budiño** (O Porriño - Pontevedra), coa emisión dun mata selos especial e unhas xornadas de información.

**1983.** A campaña en contra dos **vertidos radioactivos na Fosa Atlántica**, na que participou activamente SGHN, logra a súa prohibición.



**1983.** Publícase o voceiro “**Os incendios dos montes**”, unhas das primeiras publicacións en abordar este tema en Galicia.



**1983.** A Delegación de Vigo inicia unha campaña para protexer a **camariña (Corema album)** e emite con Correos un mata selos especial en favor desta planta.



**1983.** A Delegación de Ferrol co-organiza en Gandarío (Sada) as **V Jornadas Españolas de Ornitología**, xunto coa Sociedad Española de Ornitología. No curso delas visitanse as Illas Cíes.

**1983.** A Delegación de Ferrol realiza a exposición “**Natureza en Galicia**” con 10 paneis, mostras de xea, flora, fauna, e problemas ambientais, ademais dunha charla audiovisual, que pasou por 19 centros no curso 1983-84.




**1984.** O concello de Ferrol concede o uso dun local municipal en Méndez Núñez 11 á Delegación en Ferrol de SGHN, onde se recompilan e preparan coleccións que comezan a expoñerse e serán o cerne do “**Museo da Natureza**” e a súa Biblioteca.

**1984.** Publicación do artigo “La Sociedade Galega de Historia Natural no seu 10º aniversario” no nº 14 da **revista Quercus**.

**1984.** Durante as datas da Semana Santa desenvólvese en Vilagarcía de Arousa a **I Semana de Historia Natural**. Unha exposición didáctica e novidosa sobre natureza e que constrúe temporalmente varias salas dun Museo de Historia Natural.




**1984.** L á n z a s e o **programa ESENGA**, xérmolo da **Sección de Entomoloxía**, co obxectivo do coñecemento da biodiversidade entomolóxica galega (alfa ou riqueza en especies, e gamma ou heteroxeneidade xeográfica), como elemento prioritario para coñecer que especies están presentes e cal é a súa distribución xeográfica. Inicialmente encetouse a traballar sobre varios grupos: Familias Nymphalidae e Pieridae (Lepidoptera), Lucanidae (Coleoptera) e a subfamilia Carabinae (Coleoptera), e posteriormente engadiuse a orde Odonata. Estes grupos comparten a peculiaridade de ser accesibles a unha determinación doada e estar considerados bioindicadores da saúde de varios biótopos.



**1984.** A Delegación de Ferrol publica o roteiro natural “**10 sitios de interese natural de Ferrolterra**”.

**1984.** A Delegación de Ferrol asesora ao Concello de Valdoviño para a recuperación da canle histórica da **lagoa da Frouxeira**, alterada pola extracción de áridos, conseguíndose frear a intrusión de area e estabilizar a canle, que se mantén ata hoxe. A iniciativa completouse no curso 1984-85 cun programa para o alumnado de 8º EXB do CEIP de Atios.



**1985.** A Delegación de Ferrol deseña e aplica un programa de **Educación Ambiental** e coñecemento da contorna para o alumnado de 8º de EXB do concello, conseguindo unha subvención da Consellería de Ordenación do Territorio que permite elaborar material didáctico e aplicalo en aula, complementando con saídas de campo á lagoa da Frouxeira.

**1985.** A Delegación de Ourense publica os informes “**Incendios forestais 1985**” e “**Los macizos montañosos ourensanos**”.



**1985.** Inicialmente constituída como unha agrupación local da delegación de Santiago, co nome de **BRIÑAS**, en honra ós illotes pétreos fronte Malveiras e Cortegada (que hoxe forman parte do Parque Nacional das Illas Atlánticas), comeza a andadura que deu lugar á actual **Delegación en Pontevedra** de SGHN. As principais actividades da Delegación céntranse na catalogación da



flora e fauna da provincia e xeiras naturalistas, persoándose mediante alegacións e propostas diversas naqueles proxectos que teñen relación coa conservación e protección do medio natural na provincia de Pontevedra. Tamén participa nos censos de aves invernantes, atlas de insectos de Galicia e Atlas de Hérpets de Galicia entre outros.




**1985.** Publícase o voceiro “**O Lobo**” compilando a información disponible desta especie e o conflito social que a envolve.



**1985.** O grupo BRIÑAS da SGHN desenvolve unha campaña contra o cambio de uso do solo do Pazo do Castriño (Vilagarcía de Arousa). Para poder modificar a cualificación do solo o Concello propón que se declare de interese social a construción dunha discoteca nesta finca, que ten un arboreto de interese plantado polo seu anterior propietario, o duque de Terranova e nese intre propiedade de Falcón, popularmente coñecido como falconeti. Actualmente parte da finca é pública e está dedicada ó **botánico Enrique Valdés Bermejo**.



**1985.** O grupo BRIÑAS da SGHN desenvolve a **segunda semana de Ciencias Naturais**, cunha exposición e varias conferencias.



**1986.** Publícase “**Introducción a la Micología**”, manual enfocado ó inicio do estudo dos fungos.





**1986.** O grupo BRIÑAS da SGHN desenvolve a **III semana de Historia Natural** en Vilagarcía de Arousa, con diversas conferencias e complementada cunha exposición de cartelería ambiental.

**1986.** Desenvólvese a **Semana de Bioloxía Mariña** no Club de Mar San Amaro da Coruña.



**1987.** Publícanse as segundas edicións de “**Introducción á Micología II**” e “**Historia da Macromicología de Galicia**”.






**1987.** Publícase o roteiro natural “**Corrubedo**”, no que se propoñen varias paradas por diversos hábitats e actividades a desenvolver nas mesmas.




**1987. Xornadas de Historia Natural na Illa de Arousa,** coa colaboración da Asociación Cultural Dorna e da Xunta de Montes.



**1988.** Publícase unha nova edición ampliada de “**Introducción á Micoloxía**”



**1988. V Semana de Historia Natural** en Vilagarcía de Arousa.



**1988.** Comeza a campaña a prol da protección da **Illa de Cortegada** fronte a un proxecto para a súa urbanización.



**1989.** A **Ría de Ortigueira e Ladrido** e o **Complexo Umia-Grove-Carreirón** incorpóranse á **Lista Ramsar de humidaís de importancia internacional** grazas, en boa medida, á información sobre invernada de aves acuáticas recompilada por SGHN dende 1973.





**1989.** A traveso da súa Delegación en Ourense e con financiación do INEM e o Fondo Social Europeo, SGHN pon en marcha a **Escola Taller Braña** en Loureiro (Nogueira de Ramuín, Ourense), que estivo en funcionamento durante tres anos.



# 1990-1999

Acércase o final de milenio e empezan os retos de modernización, proxectos a medio prazo: campaña do arao, Cortegada, publicación do Atlas de Vertebrados...




**1990.** A Delegación de Ferrol publica o roteiro natural “**Doniños**”.



**1991.** Comeza a súa andadura o **Museo de Historia Natural**, cunha exposición sobre cartografía galega, compartindo séno “Antigo Hospicio” da rúa Méndez Núñez (cedido polo Concello de Ferrol) coa Delegación en Ferrol de SGHN. Comeza a montaxe e exhibición didáctica dos fondos acumulados de xea, flora e fauna.

**1991.** Publícase o **informe do Programa Arao** financiado pola Unión Europea. O proxecto, coordinado dende a Delegación de Ferrol e en colaboración con Erva e G.N. Hábitat, incluíu a actualización bibliográfica sobre o declive do Arao dos cons, enquisas en localidades próximas ás colonias, distribución de carteis e trípticos divulgativos e a elaboración e publicación do informe final.





**1991.** A Escola Taller Braña de SGHN publica as “**Rutas de Sendeirismo-Ribeira Sacra**”.



**1991.** A campaña pola defensa da **Illa de Cortegada** logra a súa primeira vitoria ao outórgalle a COTOP un Réxime de Protección Preventiva.



**1991.** Participación na primeira feira de **Galinfancia**, en Vilagarcía de Arousa.


**1992.** Despois dos tres anos previstos de funcionamento, remata a Escola Taller Braña posta en marcha por SGHN a traveso da súa Delegación en Ourense. Os materiais da mesma son aportados por SGHN para a **constitución dunha cooperativa** con ex-alumnos e ex-profesores da Escola Taller.

**1992.** **Exposición de Historia Natural** en Caldas de Reis.

**1992.** Cun dos primeiros acordos de custodia do territorio en Galicia, 15 anos antes de que se recollera na Ley 42/2007, a Comunidade Cisterciense de Sobrado dos Monxes cede á SGHN durante 10 anos a xestión da **lagoa de Sobrado** e terreos lindeiros coa única fin de conservar e poñer en valor a través de actividades divulgativas e educativas este importante humidal.



**1992.** A Sección de Entomoloxía publica o informe “**Avance Programa ESENGA 1985-91**”.



**1992.** Os voluntarios de SGHN percorren a beiramar afectada pola marea negra do **Mar Exeo** na procura de animais petroleados para tratalos no local de SGHN-Ferrol.

**1992.** Alegacións á **incineradora de aceites** en Sanxenxo, camuflada como recuperación enerxética nunha fábrica de ladrillos.

**1992.** **VI Semana Historia Natural** en Vilagarcía de Arousa.

**1993.** Publicación **O Parque de Compostela** (Vilagarcía de Arousa) sobre a súa historia, arborado e actividades para desenvolver no mesmo.



**1993.** Exposición en Boiro sobre **enerxías alternativas**.





**1993.** Campaña contra un **vertedoiro** promovido polo concello sobre unha das cabeceiras de captación de auga do encoro do Con, que subministra auga potable ó Concello de Vilagarcía.

**1993.** A **Lagoa de Valdoviño** e o **Parque Natural de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán** incorpóranse á Lista Ramsar de humidaís de importancia internacional grazas, en boa medida, á información sobre invernada de aves acuáticas recompilada por SGHN dende 1973.



**1994.** A **Ría de Ribadeo** incorpórase á Lista Ramsar de humidaís de importancia internacional grazas, en boa medida, á información sobre invernada de aves acuáticas recompilada por SGHN dende 1973.




**1994.** Publícase o informe "**Consideracións e propostas para a reestruturación medioambiental do Complexo Intermareal Umia-O Grove e Istmo da Lanzada** (Pontevedra)".

**1994.** A delegación de Ferrol intervén no deseño e xestións para a construción dun **observatorio ornitolóxico** no terreo doado en Doniños por **Ángeles Alvariño e o seu esposo** á Xunta de Galicia e no mantemento da parcela por voluntarios da SGHN durante varios anos.

**1995.** Publícase o **Atlas de Vertebrados de Galicia**, un dos primeiros a nivel estatal. O esforzo desenvolvido por SGHN e os numerosos voluntarios foi enorme, pero a transcendencia deste fito adiantado ao seu tempo quedou plenamente de manifesto no "Debate do Estado da Nación" de 1999 cando o Congreso dos Deputados instou a

realización dun "Inventario Nacional de Hábitats e Taxóns... instrumento de vital importancia para o desenvolvemento e aplicación da Estratexia Española para a Conservación e Uso sostible da Diversidade Biolóxica". Ditos atlas nacionais comezaron a publicarse a partires de 2003.



**1995.** Inicio da **campaña contra a construción dun encoro no río Umia**, na zona de Segade-Baxe (Concello de Caldas de Reis, Pontevedra).



**1995.** Participación da Delegación de Ferrol nas **mobilizacións contra o peche da Malata**.

**1996.** 23 anos despois da fundación do GOG-SGHN, a Xunta de Galicia crea a **Consellería de Medio Ambiente**.

**1996.** SGHN solicita, e finalmente consegue, a **prohibición da caza da perdiz charrela** (*Perdix perdix hispaniensis*), en alarmante regresión en Galicia.






**1996.** SGHN alega contra o “**Proxecto para a defensa de avenidas no río Sar en Padrón**” que pretendía canalizar o río e recheir os meandros naturais co excedente das terras obtidas da escavación da novo canle. Semellante barbaridade técnica e ecolóxica pretendíase facer apenas uns meses despois das catastróficas consecuencias da riada no cámping de Biescas (Huesca) ocasionadas por un proxecto moi semellante.

**1996.** Durante a tramitación do **Plan Eólico Estratéxico de Galicia** no Consello Galego de Medio Ambiente, facilítase aos membros da Comisión de Traballo (cun vogal de SGHN) tan só un dos once volumes do Plan, o de resume. SGHN queíxase ao Conselleiro de Industria e Comercio da ínfima calidade do volume resume e solicita, sen éxito, acceso ao Plan completo. **SGHN denuncia a situación diante do Valedor do Pobo** e de todos os grupos políticos no Parlamento Galego, salientando o conflito de intereses da empresa APASA-GAMESA redactora do plan e concesionaria do 22% da potencia eólica aprobada naquelas datas.



**1996.** SGHN presenta alegacións contra o proxecto de **aproveitamento hidroeléctrico no Salto do Sela**, no treito internacional do Miño.

**1997.** Comeza a campaña de SGHN a prol da declaración do **Parque Natural das Serras do Courel, Cereixidos, os Cabalos, Enciña da Lastra e Montes de Oulego** (Lugo, Ourense e León), cunha superficie de 88.732 ha.



**1997.** 24 anos despois da fundación do GOG-SGHN, o Goberno Central crea o **Ministerio de Medio Ambiente**.

**1997.** SGHN presenta alegacións ao PRUX do **Parque Natural da Baixa Limia e Serra do Xurés**.

**1997.** Denúnciase diante do xulgado de Caldas de Reis a **burda falsificación da sección medioambiental do anteprojecto do encoro de Baxe** (Caldas de Reis). Nunha fe de erros publicada pola Consellería de Política Territorial, pódese ler : “*donde dice Presa de Sanlúcar DEBE DECIR Presa de Caldas*” ... “*donde DICE Unidad paisajística de Caldas de Reis DEBE DECIR Riberas del Río Umia*”. O enxeñeiro director do proxecto, Agustín Hernández Fernández de Rojas foi posteriormente



Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

**1997.** Acórdase nomear como socios de honra á familia de **Xabier Sónora**, amigo e compañeiro finado sendo delegado en Ferrol da SGHN.

**Xabier Sónora:**  
**(1956-1996)**  
**Nos 20 anos do seu pasamento**  
**- HOMENAXE -**  
**Sábado 2 de abril ás 11:30 h.**  
**Sociedade Galega de Historia Natural**  
**Praza de Canido**  
**Ferrol**

Fotografía cortesía de Salvador Sánchez

**1998.** Acampaña de SGHN consegue a protección provisoria da parte galega da **Serra de Enciña da Lastra e os Montes de Oulego**; lamentablemente non ten éxito na parte leonesa nin no que respecta ás Serras do Courel, Cereixidos e os Cabalos.



**1998.** Diante dos proxectos para selado e clausura de explotacións mineiras abandonadas, SGHN solicita á Consellería de Industria que sexan substituídos por proxectos individualizados, nunca en serie, de valado tan só das explotacións perigosas para **salvagardar as colonias de quirópteros** que empregan como refuxio numerosas galerías mineiras.



**1998.** O concello de Ferrol concede á SGHN a **Insignia de Ouro** da cidade polos seus 25 anos de estudo, divulgación e defensa do medio natural galego.

**1998.** SGHN recibe o **premio Voces del Año 1998**, no ámbito da comarca de Compostela, outorgado polo xornal La Voz de Galicia.



**1999.** SGHN organiza o “**XI Encuentro de Anilladores del Centro de Migración de Aves**”, do 4 ao 8 de decembro en Gandarío, coa asistencia de 100 aneladores de toda España.





2000-2009

Cortegada forma parte do  
Parque Nacional, Enciña da  
Lastra declárase Parque Natural,  
iníciase a revisión do atlas de  
hérpetos de Galicia...



2000. A Sección de Mamíferos Mariños de SGHN pon en marcha a **UCI de Lobos Mariños e Tartarugas** nos locais de SGHN-Ferrol.

2000. Comezan as actividades de **Astronomía** dentro da SGHN.



2000. SGHN alerta á Consellería de Medio Ambiente da introdución do **caranguexo vermello americano (*Procambarus clarkii*)** na Limia e solicita a súa erradicación.





**2001.** A Delegación de Ferrol publica o roteiro natural “**Monte de San Xurxo-Ferrol**”.

**2001.** SGHN recibe o premio **Voces del Año 2001** no ámbito de Galicia, outorgado polo xornal La Voz de Galicia.

**2002.** Cun demoleador informe baseado nos propios datos oficiais, SGHN denuncia diante da Consellería de Medio Ambiente que a “media veda” do **paspallás** (*Coturnix coturnix*) na Limia en 2001 **incumpriu a Directiva Aves**, ao estar aínda a especie dentro do protexido “período de reprodución e crianza”, e a propia Orde de Vedas, por sobrepasarse os cupos máximos de capturas permitidos.



**2002.** A campaña pola conservación da **Illa de Cortegada** acadou o éxito máis rotundo posible coa súa inclusión no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

**2002.** Recoñecendo expresamente as numerosas peticións de profesores universitarios e



investigadores de toda España recompiladas na campaña desenvolvida por SGHN, a Xunta de Galicia crea o **Parque Natural da Serra de Enciña da Lastra**, que inclúe así mesmo os Montes de Oulego. Lamentablemente seguen sen protección a parte leonesa da serra e as Serras do Courel, Cereixidos e os Cabalos.

**2002.** SGHN organiza en Compostela o **V Congreso Galego de Ornitoloxía**, tinguido de negro polo afundimento do petroleiro “Prestige”.

**2003.** Publícanse as “**Actas V Congreso Galego de Ornitoloxía**”.



Santiago de Compostela  
16 e 17 de novembro 2002



Sociedade Galega de Historia Natural

I. Disposicións xerais

JEFATURA DEL ESTADO

12994 LIX/16/2002 de 1 de maio, polo que se aproba o Plan Nacional de Conservación de Aves de Agua de la Unión Europea en el territorio de Galicia.

ARTÍCULO 1. Objeto

1. El Plan Nacional de Conservación de Aves de Agua de la Unión Europea en el territorio de Galicia tiene por objeto la conservación de las especies de aves de agua que figuran en el Anexo I de la Directiva de Aves de Agua de la Unión Europea en el territorio de Galicia.

2. El Plan Nacional de Conservación de Aves de Agua de la Unión Europea en el territorio de Galicia tiene por objeto la conservación de las especies de aves de agua que figuran en el Anexo I de la Directiva de Aves de Agua de la Unión Europea en el territorio de Galicia.

3. El Plan Nacional de Conservación de Aves de Agua de la Unión Europea en el territorio de Galicia tiene por objeto la conservación de las especies de aves de agua que figuran en el Anexo I de la Directiva de Aves de Agua de la Unión Europea en el territorio de Galicia.

**2003.** Un grupo de socios de SGHN aporta a información sobre os “**Criterios científicos ornitolóxicos para a declaración como ZEPA da IAB ES0008 A Limia (Ourense, España)**” que resultará decisiva para a creación da **ZEPA da Limia**.

Finalizado: 06/10/2002

**NATURA 2000 - STANDARD DATA FORM**  
For Special Protection Areas (SPAs)  
For Sites of Community Importance (SCIs)  
For Special Areas of Conservation (SACs)

SITE: ES0000436  
SITENAME: A Limia

Print Standard Data Form

**1. SITE IDENTIFICATION**

1.1 Type: A

1.2 Site code: ES0000436

1.3 Site name: A Limia

1.4 First Compilation date: 2000-11

1.5 Update date: 2010-09

1.6 Respondent: Dirección Xeral de Patrimonio Natural, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Xunta de Galicia

Address: [Empty field]

Email: dagn.cmatv@xunta.gal

1.7 Site indication and designation / classification dates  
Date site classified as SPA: 2000-11

**2004.** SGHN solicita á Consellería de Medio Ambiente que, como faicos cazadores, subvencione **seguros e chalecos de alta visibilidade** para tódolos colectivos de cidadáns que tamén dedican parte do seu tempo de lecer a actividades na natureza: sendeirismo, montañismo, recollida de cogomelos e froitos silvestres, pesca, observación de fauna e flora, fotografía da natureza, ciclismo de montaña, etc.



**2004.** SGHN solicita á Consellería de Medio Ambiente que estableza **controis obrigatorios de alcoholemia** ou de consumo doutras drogas para os cazadores.

**2005.** Créase a **Delegación de As Mariñas** de SGHN, con sé no concello de Sada (A Coruña), a partires do xermolo dun grupo de veciños preocupados pola conservación da zona húmida das Brañas de Sada. Dende o inicio as campañas para dar a coñecer este humidal xunto coa reclamación dunha protección eficaz para esta zona lindeira co casco urbano de Sada marcaron as actuacións máis importantes da Delegación.



**2005.** Dez anos despois da aparición do Atlas de Vertebrados de Galicia, un grupo de socios lanza a iniciativa de actualizar esa emblemática publicación, comezando polas clases dos anfibios e os réptiles. Xurde así a **Sección de Herpetoloxía** coas finalidades de estudo, protección e a difusión

do coñecemento dos anfibios e réptiles de Galicia e os seus hábitats, así como a denuncia dos factores que producen o seu declive ou incluso a súa desaparición. Ademais, dende 2009 colabora coa Asociación Herpetolóxica Española na elaboración do Programa SARE (Seguimiento de los Anfibios y Reptiles de España), en diversas cuadrículas da Península do Grove.

**AVG-II  
(Anfibios e Réptiles de Galicia)  
Informe nadal 2005**



**Sociedade Galega de Historia Natural  
S.G.H.N.**

**2005.** A Delegación de Ferrol participa en concentracións, xuntanzas, roldas de prensa e postas en valor contra a especulación na **Carballeira de Menáncaro**. As actividades esténdense ata 2008.

**2006.** Considerando que o ceo nocturno, recoñecido como Patrimonio da Humanidade pola Unesco, é unha parte máis da Natureza ameazada constitúese a **Sección de Astronomía e Contaminación Lumínica**.



**2006.** Alegacións ás tres sucesivas versións do **Plan de Xestión do Lobo**.



AVANCE DO ATLAS DE ANFIBIOS E  
RÉPTILES DE GALICIA

**2006.** A Sección de Herpetoloxía publica o **“Avance do Atlas de Anfibios e Réptiles de Galicia”**.





**2006.** Realización da **VII Semana de Historia Natural**, consistente nunha exposición e un ciclo de conferencias, organizada pola Delegación de Pontevedra, nas cidades de Vilagarcía de Arousa e Pontevedra.

**VII Semana de Historia Natural**

**Organiza:**  
**Sociedade Galega de Historia Natural**

**Exposición:**  
**do 13 ao 20 de outubro de 2006**  
**na Casa de Cultura de Vilagarcía de Arousa**

**Conferencias (todas ás 20:00 horas):**

- Día 13: Odonatos de Galicia**  
por Carlos Rey Raño
- Día 16: O estudo das aves en Galicia**  
por Francisco Docampo Barrueco
- Día 18: Aves das illas Galápagos**  
por Álvaro Rodríguez Pomares
- Día 20: Anfibios e réptiles de Galicia**  
por Moisés Asensi Cabrita

**Lugar: Auditorio de Vilagarcía de Arousa**  
Subvencionado pola Consellería de Medio Ambiente do Desenvolvemento Sostible

**2007.** Alegacións ao proxecto de **“Actuacións medioambientales en la ribera del río Ulla** Término Municipal de Dodro (A Coruña)” do Ministerio de Medio Ambiente, que destruíría o hábitat do principal núcleo reprodutor en España da escribenta das canaveiras ibero-occidental, taxón catalogado en perigo de extinción. O proxecto foi finalmente desbotado.



**2007.** O Conselleiro de Industria **visita o Museo de Historia Natural** e compromete un investimento de 300.000 euros para habilitar unha

nova sede na “Casa do Coronel”, recién cedida en precario polo Concello de Ferrol que aportará outros 266.000 para as reformas necesarias. Os retrasos no imprescindible convenio co Ministerio de Defensa para que o Concello de Ferrol obtivera a titularidade do inmovible frustran os investimentos.

**2007.** Publicación do documental **“As Brañas de Sada. Un humidal a protexer”** en formato DVD, realizado pola Delegación de As Mariñas da SGHN.



**2008.** SGHN solicita á Xunta de Galicia que se faga unha Avaliación Ambiental Estratéxica do non declarado **plan de intensificación gandeira** na chaira da Limia, que está a ter un impacto moi negativo sobre a calidade das augas na bacía do Limia.



**2008.** SGHN comeza as súas actuacións contra o ilegal Decreto da Xunta de Galicia sobre **caza con munición de chumbo**.





**2008.** SGHN oponse ao proxecto de Gas Natural para desdobrar o gasoduto que atravesa o **LIC Gándaras de Budiño** e que, por imprevión e pouca profesionalidade, quedou pequeno. SGHN solicita que se constrúa un gasoduto dimensionado para a demanda actual e futura cun trazado fóra do LIC, e logo eliminar o actual.

**2008.** O derrube de parte do teito da sala de exposicións forza o **peche indefinido do Museo de Historia Natural** de SGHN en Ferrol na sede do antigo hospicio, que sufría problemas de infiltracións de auga na cuberta.

**2008.** A Asociación Cultural Lefre de Caldereta outorga o "**Lefre de Caldereta de Honra 2008**" á Delegación en Ferrol de SGHN.

**2009.** Alegacións ao **Plan Galego de Acción fronte ó Cambio Climático**.


**2009.** Denuncia da SGHN diante da Unión Europea polo **incumprimento da lexislación ambiental europea** nas areiras de Sandiás e Vilar de Santos con afeccións á ZEPA da Limia.

**2009.** Solicitud de dun cambio no modelo de **concentracións parcelarias** en Galicia ao Presidente da Xunta, o Conselleiro de Medio Rural e o Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

**2009.** Envío do "**Programa pola Terra**" de Amigos da Terra, FEG e SGHN ós partidos políticos con 12 propostas pola sustentabilidade na vindeira lexislatura.

**2009.** Inicio de colaboración entre a Sección de Herpetoloxía da SGHN e a Asociación Herpetológica Española no **Programa SARE** (Seguimiento de los Anfibios y Reptiles Españoles), co fin de comprobar a tendencia das poboacións de hérpets na península ibérica (similar ao SACRE para as aves).

**2009.** Declárase a **ZEPA da Limia**. Malia estar inxustificadamente mutilada con respecto á superficie da IBA, constitúe un éxito indubidable da campaña para a súa creación impulsada por SEO/BirdLife e na que a información aportada por SGHN resultou decisiva.





# 2010-2019

Pulo á custodia do territorio con Fragas do Mandeo e a sección de Antela. Abre a nova sede do museo de Historia Natural en Ferrol e publícase o novo atlas de hérxpetos...



**2010.** Publicación en Braña dos “**Censos de aves acuáticas invernantes en Galicia 2001-05**”, onde se recollen os datos deses anos e unha interpretación dos mesmos.



**2010.** Co padroado de SGHR, a asociación Rabo de Galo e o G.N. Hábitat, en xullo constitúese a **Fundación Fragas de Mandeo** adicada á custodia do territorio para protexer a natureza e promover a súa conservación na comarca das Mariñas (A Coruña).






**2010.** SGHN consegue que os espazos de interese de taxóns contemplados no **Plan de Ordenación do Litoral** protexan a todos os endémicos, vulnerables ou de distribución reducida: *Brachyton pratense*, *Coenagrion scitulum*, *Zerynthia rumina*, *Pelobates cultripes*, *Chalcides bedriagai*, *Charadrius alexandrinus*, *Burhinus oedicephalus* e *Emberiza schoeniclus lusitanica*.



**2010.** ADEGA e SGHN solicitan a creación do **Parque Natural do Monte Pindo** no Observatorio Galego da Biodiversidade, pero non logran o apoio da Consellería de Medio Ambiente.



**2010.** SGHN destaca as verdadeiras intencións do Grupo COREN para un mega-proxecto de **intensificación gandeira no LIC Serra do Xistral**, que finalmente non vai adiante.



**2010.** Alegacións ao “**Primeiro documento de traballo para a elaboración dunha estratexia galega de conservación e uso sostible da biodiversidade**”.

**2010.** SGHN alerta, sen éxito, á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e ao Ministerio de Medio Ambiente polo **colapso hidrolóxico do río Limia** na súa cabeceira.



**2010.** SGHN alerta do **desbaldimento enerxético ilegal** dos establecementos comerciais coas portas abertas (ou sen portas), coa calefacción acendida no inverno e o aire acondicionado no verán.

**2010.** Algúns proxectos de **concentracións parcelarias** comezan a recoller diversas reivindicacións de SGHN, como a exclusión de LICs, hábitats de conservación prioritaria ou de especies ameazadas, que só se faga a concentración das zonas con pendente < 20% e que se conserven as masas e sebes de arboredo autóctono.

**2011.** Despois de tres anos de xestións e traballos ábrese ao público a nova sede do **Museo de Historia Natural** e da Delegación en Ferrol na “Casa do Coronel” na praza de Canido cedida polo Concello de Ferrol.





**2011.** Coincidindo co 40º Aniversario da Convención de Ramsar, o 2 de febreiro créase a **Sección Antela** de SGHN coa finalidade de: a) *Cofeecer, divulgar e protexer os valores naturais e tradicionais de A Limia, e buscar a posibilidade de potenciais;* e b) *Compatibilizar a recuperación de humidais e zonas marxinais de A Limia coa explotación agro-gandeira sustentable, sen afeccións negativas aos sectores económicos produtivos.*



**2011.** A Sección Antela publica “Un conto de verdade: a historia de Antela contada por unha cegoña” para divulgar os valores ambientais que aínda conserva a chaira de A Limia e recadar fondos para iniciativas de conservación e recuperación de humidais e outros hábitats de interese ambiental.



**2011.** SGHN denuncia que, mentres **faltan 22 das 91 depuradoras de augas residuais na beiramar**, adícanse fondos públicos á construción de portos deportivos.



**2011.** A Sección de Herpetoloxía publica o **segundo Atlas dos Anfibios e Réptiles de Galicia**, que dende entón se actualiza anualmente con informes en [www.sghn.org](http://www.sghn.org)



**2011.** Coas primeiras alegacións de SGHN, en setembro comeza unha longa mobilización cidadá contra a **mina de ouro de Corcoesto** nos concellos de Cabana, Coristanco e Ponteceso (A Coruña).

**2011.** SGHN diríxese a Ministerio de Defensa, OTAN e Northrop Grumman Corporation advertíndolles que o **proxecto de base de avións espía** en Trasmiras afectaría á ZEPA da Limia e sería contrario á Directiva Aves da UE.

**2011.** SGHN solicita información sobre a presenza de supostos **lobos híbridos na Serra do Barbanza** (A Coruña) e que non se autoricen batidas contra a especie. Nunca obtén resposta.


**2011.** O “Defensor del Pueblo” da un novo e rotundo apoio a SGHN nas súas accións para que a Consellería de Medio Ambiente **derroque o ilegal decreto sobre caza con munición de chumbo**.



**2011.** Neste ano azotado por un “vendaval de eólicos”, SGHN presentou **alegacións a 107 proxectos de parques eólicos**.



**2011.** SGHN presenta alegacións ao proxecto de actuacións da Demarcación de Costas do Estado na **contorna de A Frouxeira** (Valdoviño, A Coruña).




**2011.** SGHN presenta alegacións ao **Plan Director da Rede Natura 2000** de Galicia e á Proposta de Ampliación da Rede Natura 2000.

**2011.** SGHN asina un Convenio de colaboración coa Asociación Herpetolóxica Española **AHE** cara ó intercambio de datos, de periodicidade anual.

**2011.** SGHN opónse á central hidroeléctrica de bombeo de Santa Cristina, en plena ZEC **Canón do Sil**.



**2011.** SGHN opónse á “**SOGAMA do sur**” que se pretendía impulsar no Irixe (Ourense)..., unha zona deprimida a 80-100 km dos principais núcleos de produción de Residuos Sólidos Urbanos.



**2012.** Novo apoio rotundo do “Defensor del Pueblo” á posición da SGHN sobre a **munición con chumbo**: “... esa Consejería debe perseguir y sancionar a aqueles que cacen en esos humedales usando munición de cualquier tipo que contenga plomo.” A Consellería de Medio Ambiente fai caso omiso e a Fiscalía de Medio Ambiente nin responde a SGHN.

**2012.** Alegacións de SGHN ao plan de conservación da **pillara das dunas** e aos plans de recuperación do **sapoconcho común** e da **escribenta das canaveiras**.



**2012.** En recoñecemento do seu enorme labor como Delegado de SGHN en Ourense (1980-2012) e Vicepresidente de SGHN (1995-2012), **Antonio Villarino Gómez** é nomeado “**Presidente de Honra**” de SGHN por aclamación.





**2012.** Noméase socio de honra a **Emilio Marín Formoso** polo traballo desinteresado que leva prestado á SGHN.



**2012.** A Sección Antela solicita o **arrendamento durante 30 anos** con fins ambientais de 91 parcelas propiedade da Xunta de Galicia na chaira da Limia incluídas no Banco de Terras de Galicia (BANTEGAL).



**2012.** Polo seu negativo impacto sobre as poboacións de **garranos**, SGHN solicita a derogación do Decreto 142/2012, polo que se establecen as normas de identificación e ordenación zosanitaria dos animais equinos en Galicia.



**2012.** Alegacións de SGHN ao proxecto de central hidroeléctrica reversible entre o moi eutrofizado **encoro das Conchas** e o ben conservado encoro do Salas (Ourense).



**2012.** SGHN denuncia diante da Unión Europea as afeccións das louseiras sobre a ZEC **Pena Trevinca**.



**2012.** SGHN solicita unha avaliación previa rigorosa da sustentabilidade das **centrais térmicas de biomasa** en termos de redución real de consumo de combustibles fósiles (TEP xeradas > TEP consumidas), redución real da liberación de GEIs (non só CO2) e efectos neutros ou positivos sobre biodiversidade, espazos naturais, e aspectos socioeconómicos.

**2013.** Coincidindo co 40 aniversario de GOG-SGHN e a partires do **Braña 11**, lánzase a versión electrónica bilingüe galego-inglés e de acceso libre, que vai incorporando progresivamente artigos ao longo do ano, ao final do cal faise así mesmo unha tirada impresa.



**BRANA** BOLETÍN DA SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL  
2013-2014 Nº 11-12



**2013.** Nove anos despois de que o solicitara SGHN, nin a Consellería de Medio Ambiente nin o SEPRONA teñen realizado **controis de alcoholemia** ou de consumo doutras drogas para os cazadores.

**2013.** A maior mobilización cidadá por motivos ambientais en Galicia dende o Prestige, cunha intensa participación de SGHN (11 conferencias, 36 entrevistas, difusión de tres publicacións científicas decisivas e recollida de máis de 244.000 sinaturas na campaña en Change.org), consegue poñer contra as cordas ao **proxecto mineiro de Corcoesto**, ao adiar a súa aprobación a Xunta de Galicia por “insolvencia financeira”.



**2013.** SGHN denuncia diante á Unión Europea a **desprotección da Rede Natura 2000** galega.



**2013.** Alegacións de SGHN aos catro novos **proxectos de regadío** na chaira da Limia.



**2013.** Pola súa especial dedicación, noméase socio de honra a Manuel Cortizas Varela, **Manolo de Vite**, como gustaba que o chamaran.



**2013.** A Sección Antela de SGHN merca en poxa pública unha **parcela de 1,3 ha na antiga Veiga de Vilaseca** (Trasmiras, Ourense) para desenvolver un proxecto de recuperación como humidal estacional e comeza os primeiros traballos de desbroce con xornadas de voluntariado.




**2013.** SGHN solicita novamente **controis de alcoholemia e drogas aos cazadores**.

**2013.** SGHN presenta alegacións á Avaliación ambiental estratéxica do “**Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia**”.





**2013.** Un equipo de investigación internacional (SGHN, Museo Real de Ciencias Naturais de Bélxica, Museo de Historia Natural de Rotterdam, Universidad de Pisa e Museo del Lourinhã en Portugal) describen para a ciencia **catro novas especies de zifios fósiles**: *Choneziphius leidy*, *Tusciziphius atlanticus*, *Globicetus hiberus* e *Imocetus piscatus*. Os holotipos das dúas primeiras, é dicir os exemplares empregados para a súa descrición, atopáronse na plataforma continental galega e están depositadas no Museo de Historia Natural de SGHN en Ferrol. Foto *Choneziphius leidy*




**2014.** A Xunta de Galicia **denega definitivamente o proxecto mineiro de Corcoesto**, no que supón o maior triunfo do movemento ambientalista galego das últimas décadas.



**2014.** No Día da Terra, ADEGA, FEG e SGHN demandan á Xunta que aprobe a **ampliación da Rede Natura 2000 galega**.

**2014.** SGHN insta a actuar á Consellería de Medio Ambiente diante da ameaza dunha avalancha de **granxas de visión americano** como consecuencia da súa prohibición en diversos países europeos.

**2014.** Nunha data tan sinalada como o Día Mundial do Medio Ambiente, SGHN-Sección Antela asina un convenio de **custodia compartida** do territorio cun gandeiro local para recuperar como humidal estacional pastoreado 16 ha da Veiga de Gomareite, un espazo de moi elevado valor ambiental e simbólico por ser o extremo norleste da antiga Lagoa de Antela. Comezan os traballos con voluntarios para retirar a enorme cantidade de residuos de todo tipo depositados na zona.



**2014.** Despois de meses de traballo, inaugúrase a espectacular montaxe do esqueleto de 18 m dunha balea de aleta (*Balaenoptera physalus*) no Museo de Historia Natural de SGHN en Ferrol.



**2014.** Alegacións de SGHN aos Plans de conservación da zona húmida protexida **Lagoa e areal de Valdoviño** (A Coruña) e do **Monumento Natural Praia das Catedrais** (Lugo).

**2014.** Alegacións de SGHN ao **dragado da ría do Burgo** (A Coruña).



**2014.** SGHN e SGO conseguen poñer **fin á contradición** de que a avefría ou conícora (*Vanellus vanellus*) e a agacha (*Gallinago gallinago*) se puidesen matar en tempada de caza estando catalogadas en perigo de extinción as súas poboacións reprodutoras.



**2014.** Mexilóns e tuits outorga os premios galegos do **Social Media Mexilóns e Tuits** ao mellor video viral e a mellor campaña social ao video e a campaña contra a **megaminería en Galicia** e a mina de ouro de Corcoesto.

**2014.** A Sección de Entomoloxía de SGHN publica o “**Atlas e libro vermello de Carabini, Cychrini e Lucanidae (Insecta, Coleoptera) de Galicia**”.



**2014.** SGHN asina os primeiros **contratos de aluguer a longo prazo (30 anos)** con fins ambientais de predios na chaira da Limia propiedade da Xunta de Galicia e incluídos no Banco de Terras de Galicia, que xestiona a Sección Antela.



**2014.** SGHN asina o **primeiro acordo de custodia compartida do territorio cun gandeiro** en extensivo en Xunqueira de Ambía (A Limia).



**2015.** Alegacións ao **Plan Hidrolóxico da Demarcación Miño-Sil**.

**2015.** O Concello de Ferrol concede por segunda vez a **Insignia de Ouro** da cidade á Delegación de Ferrol da SGHN polo seu labor de estudo, divulgación e defensa do noso patrimonio natural galego.





**2015.** Comezan os traballos con maquinaria pesada na parcela da antiga **Veiga de Vilaseca** (Trasmiras, Ourense) mercada pola Sección Antela de SGHN para recuperala como humidal estacional.



**2015.** Denuncia do estado de degradación do **Parque Natural de Corrubedo** e da **ZEC As Catedrais**.



**2015.** Alegacións ao proxecto de innivación artificial na estación de esquí de **Manzaneda** (Ourense).

**2015.** Créase a **Sección de Botánica**, que comeza a recollida de datos para a elaboración do Atlas de Flora Exótica Invasora de Galicia.

**Atlas de Flora Exótica Invasora de Galicia**

**Eucalyptus globulus Labill**  
O eucalipto, presente en Galicia dende mediados do S.XIX aproximadamente, é unha Especie Exótica Invasora proveniente de Tasmania e Australia que é empregada en Galicia como especie forestal. O seu comportamento invasor é debido a gran capacidade de rebrote dos tocóns tras os incendios forestais e as talas, á grande produción de sementes cunha alta viabilidade nos hábitats naturais circundantes ás plantacións, e á emisión de substancias alelopáticas ó medio que afectan á flora microbiana do solo e impiden a xerminación doutras especies.

Colabora no Atlas escribindo a botanica@sgnh.org

http://www.sghn.org/Seccion\_botanica/Seccion\_botanica.html


**2015.** Alegacións a dúas instalacións enerxéticas: **central térmica de biomasa en Mondariz** (Pontevedra) e planta de produción de **metano e hidróxeno en Viana do Bolo** (Ourense).

**2015.** Apoio ao manifesto de 172 ONGs ambientalistas europeas en defensa das **Directivas de Conservación da Natureza**.

**2015.** Participación nunha mesa redonda sobre as **enfermidades infecciosas emerxentes** no Pazo da Cultura de Pontevedra, xunto coa Asociación Herpetolóxica Española e ADEGA.

**2016.** Alegacións á Revisión do **Plan Forestal de Galicia**.

**2016.** Nunha data tan sinalada e simbólica como o Día Internacional dos Humidais, SGHN-Sección Antela e unha empresa local asinan un acordo de custodia compartida do territorio para a xestión e recuperación conxunta como humidal permanente dunha parcela do **BANTEGAL** arrendada por SGHN e sete predios próximos propiedade da empresa. Con maquinaria pesada e persoal aportados pola empresa, comezan os traballos de restauración ambiental da “Poza dos arieiros”.



**2016.** Alegacións á **central térmica de biomasa en Vilalba** (Lugo).

**2016.** Pregunta por talas en formacións de elevado valor ambiental: **bosque aluvial de Dodro** (A Coruña) e **Bidueiral de Montederramo** (Ourense).

**2016.** Peticións de **control do uso público masivo**, nomeadamente probas deportivas, en zonas de elevado valor natural.

**2016.** Realízase unha primeira fase de traballos con maquinaria pesada na **Veiga de Gomareite**, cunha “axuda a investimentos non produtivos vinculados á realización de obxectivos agroambientais e climáticos en concellos



incluídos na Rede Natura 2000, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020”.



**2016.** Coa colaboración do concello do Porriño, que asume o custe da maquinaria pesada, e os permisos administrativos da Consellería de Medio Ambiente, acondiciónase a antiga parcela do centro de interpretación ambiental de **Gándaras de Budiño**, retirando os alicerces que quedaban do edificio, e preparando o terreo para recuperar a flora e formar unha charca para anfibios e fauna acuática.



**2016.** Un equipo de investigación internacional (SGHN, Museo Real de Ciencias Naturais de Bélxica e Universidade de Gante) fai público o achado dunha nova especie de **cetáceo fósil** de hai uns 4 millóns de anos denominado *Beneziphius cetariensis* por Cetaria, nome orixinal da vila de Cedeira.



**2017.** Incorporárase un esqueleto e a réplica dun **peixe lúa real** (*Lampris guttatus*) á exposición permanente do Museo de Historia Natural de SGHN en Ferrol.



**2017.** Na estela do acontecido coa mina de ouro de Corcoesto, coas primeiras alegacións de SGHN, en novembro comeza unha longa mobilización cidadá contra a reapertura da **mina de cobre de Touro** (concellos de O Pino e Touro, A Coruña).

Diario de Arousa

## El rechazo a la mina de Touro ya es un clamor social y llena el auditorio de Vilagarcía

El auditorio de Vilagarcía se quedó ayer pequeño para acoger una charla informativa sobre los aspectos técnicos relacionados con la mina de Touro y O Pino



**2017.** Realización da **I Xornada Galega de Patrimonio Natural e Biodiversidade**, organizada pola Delegación de Pontevedra.





**2017.** Presentación de escritos de protesta polo anuncio de licitación das obras de “rexeneración” da **praia de Sada** (A Coruña) que suporía a destrución da enorme superficie de zosteral. Envíanse escritos de protesta á Demarcación de Costas de Galicia, Ministra do MAPAMA, Comisión OSPAR, Comité español da UICN e Dirección Xeral do Patrimonio Natural.



**2017.** A **vaga de lumes** alarma á opinión pública e leva a realización dunha dúcia de conferencias sobre o tema por especialistas de SGHN e á publicación dunha guía de actuacións en zonas queimadas.

**GUÍA DE ACTUACIÓNS  
NUNHA ZONA QUEIMADA**

**O segundo é planificar o traballo**  
*AVALIAR A SITUACIÓN DO TERREO QUEIMADO*

É imprescindible avaliar a situación do terreo para decidir se é preciso ou non intervir, e priorizar as zonas de actuación. Incluso nun mesmo lume normalmente os danos na vexetación e nos solos son moi variables. Como mostra recoméndase ollar este vídeo no que se ven, nun radio de 100-150 m, exemplos de severidade do lume sobre o solo e a vexetación moi diferentes.

**PRIORIZAR LAS ZONAS DE INTERVENCIÓN**

As zonas con árbores que sufriron lume de copas que consumiu completamente as follas/ acículas e, especialmente, as zonas de mato en que a vexetación se calcinou totalmente (ou case) son zonas de intervención prioritaria.

A prioridade é maior nas zonas en que o lume afectou máis intensamente ao solo: non queda (ou case) capa de follasca chamuscada sobre o solo, as cinzas son branco-grisáceas en lugar de negras e o solo cambiou de cor ata máis dun par de centímetros de profundidade.

A prioridade é maior en zonas de pendente e/ou próximas a ríos/regatos ou captacións de auga para abastecemento.

NON é necesario nin conveniente intervir nas zonas chairas ou de pouca pendente, onde a severidade do lume foi baixa, con árbores ou arbustos nas que as copas están chamuscadas pero non se consumiron pois as follas protexerán de xeito natural o solo contra a choiva mentres se manteñen na árbore e tamén cando caían nos próximos días/semanas pois proporcionarán unha capa de follasca que cubrirá o solo. Nestas zonas é preferible deixar que actúe a rexeneración natural.

**SELECCIONAR A ACTUACIÓN MÁIS AXEITADA**

Nas zonas de risco grave de erosión (alta severidade do lume e forte pendente), pode ser recomendable adoptar medidas de protección do solo, entre as que as máis eficaces son as seguintes:

**O primeiro é obter os permisos necesarios**

En espazos naturais protexidos (Parques Naturais, Rede Natura 2000, etc), sexan terreos privados ou públicos, nunca intervir sen consultalo antes coa Consellería de Medio Ambiente.

En terreos privados (máis do 90% dos montes galegos) solicitar previamente o permiso do(s) propietario(s), sexan particulares ou comunidades veciñas de montes en

**2017.** Presentación en Brest (Conservatoire National Botanique) e Belz (Bretaña, Francia) das actividades de SGHN sobre **Eryngium viviparum** na Limia.

**2018.** A participación na loita contra a **mina de cobre de Touro** acapara boa parte da actividade de SGHN (7 conferencias, 1 reunión con grupos políticos do Parlamento galego, 1 denuncia por danos arqueolóxicos, 5 entrevistas).

**2018.** Solicitud de declaración de augas afectadas para o **acuífero da Limia** como paso previo á súa declaración como zona vulnerable á contaminación por nitratos.

**2018.** A SGHN recibe a comunicación da resolución do desestímulo do procedemento de adjudicación da “rexeneración” da praia de Sada. **Non se destrúe o zosteral.**

**2018.** Petición de respecto para os anfibios e outra fauna acuática durante a **limpeza dos puntos de auga** contra-incendios.

**2018.** A Sección de Astronomía e Contaminación Lumínica de SGHN propón ao Concello de Muras solicitar o **selo Starlight** para o municipio, dada a excelente calidade e limpeza dos seus ceos. En 2019 iniciáronse os trámites coa Fundación Starlight que cristalizaron en decembro de 2020 coa obtención do certificado de Muras como concello Starlight.



**2018.** Constitúese a **Fundación Humedales de Beón** con sede en Sandiás (A Limia, Ourense) e con representación de SGHN cunha vogalía no seu Patronato.

**2018.** Solicitud á Xunta de Galicia de que sexa obrigatoria a instalación de xeolocalizadores-GPS nos **vehículos de transporte de residuos** para evitar vertidos ou deposicións ao marxe da normativa legal, como no caso das “parcelas de sacrificio” na aplicación de esterco e zurros.



**2018.** Alegacións aos **PRUX do Parque Nacional das Illas Atlánticas**, o **Parque Natural de Corrubedo**, o **Parque Natural do Invernadoiro** e o **Parque Natural da Serra de Enciña da Lastra**.



**2018.** Denuncias polo **uso público abusivo** de espazos naturais (Macizo central ourensán, Illas Sisargas, Estaca de Bares).

**2018.** Rematan os traballos con maquinaria pesada na parcela da antiga Veiga de Vilaseca (Trasmiras, Ourense) para recuperala como humidal estacional, que recibe o nome de **“Humidal Antonio Villarino”** polo Presidente de Honra de SGHN, decano dos naturalistas galegos e inspirador dos traballos da Sección Antela.



**2018.** Alegacións á orde autonómica de axudas á reforestación, ao **Plan Sectorial das Areeiras da Limia**, á Lei de Ordenación do Territorio de Galicia e ao Real Decreto estatal sobre normas básicas de ordenación das granxas porcinas intensivas.

**2018.** Denuncia á Xunta de Galicia da situación da **planta de “Tecnosolos” de Miramontes** (Santiago de Compostela), comezando unha colaboración intensa e ininterrompida cos veciños afectados.

**2018.** Realízase unha segunda fase de traballos con maquinaria pesada na **Veiga de Gomareite**, cunha “axuda a investimentos non produtivos vinculados á realización de obxectivos agroambientais e climáticos en concellos incluídos na Rede Natura 2000, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020”.


**2018.** Proposta de inclusión da **Camariña (Corema album)** no Catálogo Galego de Especies Ameazadas coa categoría de “Vulnerable”.



#### Catalogación da camariña como especie vulnerable

16/01/2019 - Remisión

A catalogación da camariña (*Corema album*) ven de ser solicitada pola SGHN que, logo de compilar a información científico-técnica dispoñible, constatou que cumpría nove dos criterios (A1, A2, B1, B2a, B2b, B2c, B2d, D e F) e probablemente os criterios C1 e C2 para a súa inclusión na Categoría de Vulnerable no Catálogo Galego de Especies Ameazadas.



**2018.** Traballos de voluntariado da Sección Antela para a retirada de residuos e entrega a xestor autorizado na **Veiga de Gomareite** cunha axuda da primeira edición do “Proxecto Libera Natureza sin basura” de SEO/BirdLife e ECOEMBES.

**2018. II Xornada Galega de Patrimonio Natural e Biodiversidade**, organizada pola Delegación de Pontevedra.



**2018.** Xuntanza de SGHN e Grupo MEL con funcionarios da DG Medio Ambiente da Unión Europea e eurodiputados sobre a **contaminación por residuos gandeiros na Limia**.



**2019.** Denuncia do trazado da **Vía Ártabra** diante da Fiscalía de Medio Ambiente.

**2019.** Actuacións contra o recheo na antiga barreira do Cerquido, nas **Gándaras de Budiño** (Pontevedra).



**2019.** Traballos de **voluntariado da Sección Antela** para a retirada de residuos e entrega a xestor autorizado na Veiga de Gomareite cunha axuda da segunda edición do “Proyecto Libera Naturaleza sin basura” de SEO/BirdLife e ECOEMBES.

**2019.** Participación no debate sobre o eucalipto nas **“Regueifas de Ciencia”** organizadas pola Universidade de Santiago.



**2019. III Xornada Galega de Patrimonio Natural e Biodiversidade**, organizada pola Delegación de Pontevedra.



**2019. Denuncia da Orden de axudas á forestación** diante da Unión Europea.

**2019. Xuntanza na Fiscalía de Medio Ambiente** pola situación da planta de “Tecnosolos” de Miramontes (Santiago de Compostela).

**2019.** O Colectivo Rampla outorga o **Premio Resilientes Natureza e Mundo Rural** á SGHN.



**2019.** O Museo de Historia Natural de SGHN en Ferrol inclúese na **Plataforma de destinos científicos Observer**.





# 2020-2023

## Consólídanse os traballos na Limia, andanas de alegacións ós parques eólicos, apróbase o ENIL das Brañas de Sada...



**2020.** Participación en conferencias sobre a **gandería industrial na Limia** (Facultade de Ciencias de Ourense) e sobre o posterior SLAPP (“*Strategic Lawsuits Against Public Participation*” ou demanda estratéxica contra a participación pública) do Grupo COREN a petición de Greenpeace e Ecoloxistas en Acción.


**2020.** Participación no “Faladoiro” telemático sobre a **media veda da rula** organizado polo G.N. Hábitat.



**2020.** Traballos de voluntariado da Sección Antela para a **retirada de residuos** e entrega a xestor autorizado na Veiga de Gomareite cunha axuda da terceira edición do “Proyecto Libera Naturaleza sin basura” de SEO/BirdLife e ECOEMBES.

**2020.** Alegacións á ampliación da estrada AC-566 Valdoviño-Cedeira polo seu impacto sobre flora ameazada (***Woodwardia radicans***).


**2020.** Realízase unha **terceira fase de traballos con maquinaria pesada na Veiga de Gomareite**, cunha “axuda a investimentos non produtivos vinculados á realización de obxectivos agroambientais e climáticos en concellos incluídos na Rede Natura 2000, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020”.






2020.

En colaboración coa Asociación de Naturalistas Palentinos e a Asociación de Amigos de la Laguna de La Janda eláborase o **informe "Antela, La Nava y La Janda: un trío de ases.** La apuesta por la recuperación de las tres grandes lagunas ibéricas" que se remite aos máximos responsables do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico solicitando a súa inclusión no Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia.



2020. En colaboración co Grupo Naturalista Hábitat eláborase o informe **"Humedales gallegos: una deuda pendiente. La necesaria restauración de los humedales gallegos degradados"** que se remite aos máximos responsables do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico solicitando a súa inclusión no Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia.



2020. Denuncias polo **uso público abusivo de espazos naturais** (SGO-SGHN-ADEGA-SGHN contra concerto na ZEC Costa de Dexo; Ruta Romasanta 4x4 no Macizo central ourensán; voos de aeronaves a baixa cota en Rede Natura).



2020. Participación en 2 videoconferencias sobre "temas importantes" a considerar no **Plan Hidrolóxico da Demarcación Miño-Sil.**

2020. Comeza o segundo vendaval de proxectos eólicos, levando á presentación de **47 alegacións a parques eólicos e 15 a liñas de alta tensión** para evacuar a enerxía producida.



2020. Realización da **IV Xornada Galega de Patrimonio Natural e Biodiversidade**, organizada pola Delegación de Pontevedra.

2021. SGHN organiza e realiza o **censo da poboación reprodutora de cegoña branca** (*Ciconia ciconia*) en Galicia.





**2021.** Solicitud de inclusión do **Lobo** no Listado de Especies Silvestres de Régimen de Protección Especial (**LESPRE**).

**2021.** Continúa o segundo vendaval de proxectos de eólicos, levando á presentación de **107 alegacións a parques eólicos e 14 a liñas de alta tensión** para evacuar a enerxía producida.

**2021.** Comeza a recollida de información sobre **colonias de cirrios** (*Apus apus*, *Apus pallidus*) en construcións humanas para garantir a súa conservación.



**2021.** **Alegacións a PORN e PRUX** dos Parques Naturais de Corrubedo e da Baixa Limia e Serra do Xurés.



**2021.** **V Xornada Galega de Patrimonio Natural e Biodiversidade**, organizada pola Delegación de Pontevedra.



**2021.** Asinado un convenio de colaboración coa Asociación Herpetolóxica Española para o **proxecto SOS anfibios**, de cara á obtención de mostras para a detección de enfermidades infecciosas emerxentes.

**2021.** O pleno do concello de Sada aproba o Plan de **Conservación do ENIL das Brañas de Sada**, que fóra declarado provisionalmente en xaneiro de 2020. Os grupos políticos salientan o papel fundamental da Delegación das Mariñas de SGHN na posta en valor deste humidal.



**2021.** A Delegación en Ourense comeza un estudo multidisciplinar sobre a **ZEC Pena Veidosa**.

**2021.** A Consellería do Mar recoñece a contribución do Museo de Historia Natural de SGHN en Ferrol á difusión da **cultura mariñeira atlántica europea** no territorio GALP Golfo Ártabro Norte.




**2022.** Alegacións a unha **planta solar fotovoltaica en Vilalba** (Lugo), salientando o seu sentido destas instalacións enerxéticas en terreos rústicos.





**2022.** A Sección de Entomoloxía publica en Braña o atlas de “**Papilionoidea do Parque Natural da Serra de Enciña da Lastra** (Ourense, Galicia)”.



**2022.** Á vista da **dramática situación de seca nos cursos fluviais** e dos humidais na cabeceira do sistema Limia, SGHN remite escritos con sete propostas de actuación inmediata a todos os departamentos do Ministerio para a Transición Ecolóxica con competencias no tema.

**2022.** Alegacións ao **PXOM de Valdoviño** por poñer en dúbida a integridade das áreas naturais protexidas por instrumentos internacionais e nacionais: Humidal Ramsar da Lagoa de Valdoviño, ZEC Costa Ártabra, ZEPA Costa de Ferrolterra-Valdoviño, ZEPA Ferrolterra-Valdoviño e Humidal Protexido da Lagoa e Areal de Valdoviño.

**2022.** Alegacións ao PORN do **Parque Natural da Baixa Limia e Serra do Xurés**.

**2022.** SGHN-Ourense organiza a exposición **Son Árbore** en colaboración con Sustinea, o Ateneo de Ourense e o Liceo de Ourense.



**EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA**  
SOBRE A RELACIÓN DA CIDADE CO SEU PATRIMONIO ARBÓREO

16/04/2021 - 30/04/2021

ENTRADA LIBRE

Ubicación

O Liceo de Ourense  
Valentín Lamas Carvajal 5  
Ourense 32005 España

Colaboran



#SonÁrbore

son.arbore

son.arbore.ourense

**2022.** Alegacións á **central hidroeléctrica reversible “Xistral”** (Lugo) polos impactos críticos que tería sobre o estado de conservación de hábitats prioritarios, así como sobre o estado de conservación de especies protexidas de flora e fauna.

**2022.** Recollida de información sobre **colonias de cirrios** (*Apus apus*, *Apus pallidus*) en construcións humanas para garantir a súa conservación.

**2022.** ADEGA, SGHN, SGO, G.N. Hábitat e AGCT denuncian os graves impactos ambientais que tería a instalación dunha **factoría de fibras téxtiles** da multinacional Altri en 122 ha da comarca da Ulloa.

**2022.** A **Sección Antela de SGHN recibe o V Premio Pedra Alta**, outorgado polo Padroado do Museo da Limia, polo “*labor desta organización a favor da conservación medioambiental na comarca, os seus estudos de observación de todo tipo de animais e de hábitats, e tamén a súa iniciativa de recuperación de espazos xeográficos afectados pola actividade humana*”.

MUSEO DA LIMIA  
ACTO PÚBLICO  
**ENTREGA PREMIO PEDRA ALTA 2022**

Sección Antela

26 novembro ás 12.00h  
No Salón Multiusos da Casa do Concello de Vilar de Santos





**2022.** Cunha “axuda a investimentos non produtivos vinculados á realización de obxectivos agroambientais e climáticos en concellos incluídos na Rede Natura 2000, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020” realízanse os traballos de **restauración ambiental da “Poza das conícoras”** (Sandiás e Vilar de Santos, Ourense) nunha parcela do BANTEGAL arrendada por SGHN e catro predios adxacentes propiedade dunha empresa de áridos coa que se ten asinado un acordo de custodia do territorio.



**2022.** Os **vogais das organizacións de defensa ambiental (ADEGA, FEG e SGHN)** deixan de asistir aos plenos do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible mentres non se debata o plan eólico como solicitaran.



**2022.** SGHN denuncia os impactos ambientais de 60 anos da **explotación industrial de lousas no Courel e Valdeorras.**



**2022.** A proposta de SGHN para crear **catro refuxios de fauna na ZEPA da Limia** co fin de protexer a tres especies de aves en perigo de extinción en Galicia (*Burhinus oedicnemus*, *Tetrax tetrax* e *Vanellus vanellus*) non é aceptada pola D.X. de Patrimonio Natural na xuntanza ordinaria do Observatorio Galego da Biodiversidade.




**2022.** A proposta de SGHN de incluír á camariña (*Corema album*) como vulnerable no Catálogo Galego de Especies Ameazadas recibe 8 votos a favor no Observatorio Galego da Biodiversidade, pero é finalmente rexeitada pola D.X. de Patrimonio Natural (cos seus 3 votos en contra) ao ser o Observatorio tan só un órgano consultivo.





**2022.** SGHN denuncia os traballos de eliminación de **especies invasoras** no sistema dunar da Frouxeira pola súa pésima execución, con danos sobre hábitats de conservación prioritaria.

**2022.** Organizado por CEMMA e SGHN-Ferrol, ten lugar un foro telemático para conmemorar os **40 anos da moratoria internacional da caza das baleas**.



**2023.** Comunicado conxunto de ADEGA, FEG, G.N. Hábitat, SGO, SGHN e Verdegaia alertando do **“crime perfecto”** contra a avifauna que poderían supoñer os parques eólicos mariños.

**2023.** A colección de réplicas de cetáceos a escala real do Museo de Historia Natural da SGHN en Ferrol enriquecécese co dunha **candorca** de case 6 m de lonxitude, moldeada a partir dunha femia abeirada en Burela en 2002 da que se amosa tamén o seu esqueleto.



**2023.** Proxecto de Erasmus+ (2021-2023). Proxecto coordinado pola Fundación Antón Losada Diéguez e desenvolvido en tres países. Galicia por SGHN, alumnado do IES Felix Muriel de Rianxo e Concello de Rianxo. Irlanda con Galway Community College, Galway City e Irish Wildlife Trust. Croacia con Prva Susacka Hrvatska Gimnazija College, Rijeka City e Eko Kvarner. Abordouse por parte do alumnado a análise de 82 especies ameazadas en cada país e posibles solucións.



**2023.** Preséntanse alegacións a unha gran **planta solar fotovoltaica en A Gudiña** (Ourense), salientando o impacto sobre unha das seis parellas de aguia real que aniñan en Galicia e o seu sentido destas instalacións enerxéticas en terreos rústicos.

**2023.** O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia recoñece como **“Institución do ano”** á Sociedade Galega de Historia Natural.







*"A terra non pertencece  
ó home,  
O home pertencece  
á terra."*

**Sociedade Galega Historia Natural**





A **Sociedade Galega de Historia Natural (S.G.H.N.)**. Fundada en 1973, é «unha asociación independente e científica, dedicada ó estudo, divulgación, conservación e defensa da natureza e do medio ambiente, que non tén na súa actuación fins lucrativos» (Art. 5º dos Estatutos).



A **SGHN** é unha asociación legalmente inscrita no Rexistro Nacional de Asociacións co nº 584.918, inscrita no rexistro de Entidades de carácter ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia co nº 2009/0110 e co número AO/C-000/382 no Rexistro de Asociacións Culturais Galegas.

## Onde estamos e como nos organizamos

SGHN organízase por delegacións e seccións.

Podes ver o detalle e contacto das mesmas en

<https://sghn.org/sghn/directorio/>



### Museo

Ten unha estrutura expositiva distribuída en dous andares. No andar baixo está a recepción, o salón de actos, biblioteca, laboratorio e sala de lectura.

O andar primeiro hai dúas salas, que suman uns 500 m<sup>2</sup>, con módulos didácticos atendendo á súa temática.

O MHN está aberto gratis ao público grazas a un convenio co Concello de Ferrol. As instalacións abre todos os días, agás o día 1 de xaneiro e o 25 de nadal. O horario é de 9:30-13:30 h e de 16:30-20:30; os meses de xullo e agosto é festivos é de 10-14 h.

O MHN ofrece visitas guiadas a grupos maiores de cinco ou máis persoas baixo demanda e visitas libres.



Calamar xigante (*Architeuthix dux*)

### Custodia do Territorio

Dirixida a rehabilitar hábitats para especies como a conícora (*Vanellus vanellus*), cardo das ribeiras (*Eryngium viviparum*), sapiño de esporóns (*Pelobates cultripes*) e resto de fauna e flora asociada a hábitats lacustres.



Actualmente temos en propiedade 1,32 ha en veigas asolagables da chaira limiá (zona húmida Antonio Villarino)  
Alugados ó Bantegal 37,94 ha  
Acordos de custodia 20,72 ha  
Un total de 97 predios e 59,98 ha

Somos parte fundadora de Terras do Mandeo, constituída por Rabo de Galo, GN Hábitat e SGHN, con 26,83 Ha en custodia.

### Publicacións

Divulgamos os coñecementos e a concienciación a través de diversas publicacións como **Paspallás**, revista divulgativa **BRAÑA**, revista científica **Atlas**, somos os autores do primer atlas de vertebrados de Galicia, revisión dos hérpetos e tamén de invertebrados, en curso o Atlas de especies exóticas invasoras e outros máis de insectos.



**¡COLABORA CONNOSCO!**

O labor da SGHN precisa da colaboración dos seus socios e simpatizantes, tanto nos labores administrativos, coma nas actividades. Suxire, propón, aporta as túas inquiredanzas na túa Delegación, na túa vila ou en calquera das Seccións existentes. Calquera aportación é benvida e necesaria.





Ti debes ser o cambio que desexas ver no mundo.

Mohandas Karamchand Gandhi (1869-1948)